



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



### **CIRCULAR 59/2009**

- A todas as Delegacións (\*)
- Aos clubs, adestradores e atletas.

(\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

## **CRITERIUM GALEGO DE LANZAMENTOS E SALTOS DE VERÁN**

Pistas de atletismo do CGTD (Pontevedra), domingo 12 de Xullo do 2009

**Art.1)** A Federación Galega de Atletismo a través da Delegación de Pontevedra organizará o vindeiro día **Domingo día 12 de Xullo** nas pistas de atletismo do Centro Galego de Tecnificación Deportiva o Criterium Galego de Lanzamentos e Saltos de Verán.

**Art.2)** Poderán intervir todos aqueles atletas que se atopen en calquera das seguintes condicións do art.2 e do art.3:

1. Atletas que teñan fichado durante a tempada actual (2008/09) por algún Club pertencente á Comunidade Galega.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubes doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos ou extranxeiros convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

**Art.3)** Poderán participar os atletas que reúnan algúns dos seguintes requisitos:

- Seis primeiros do ranking absoluto da tempada 2008/09
- Tres primeiros no ranking promesa da tempada 2008/09
- Tres primeiros no ranking Junior da tempada 2008/09
- Dous primeiros no ranking xuvenil da tempada 2008/09
- Dous primeiros no ranking cadete da tempada 2008/09

No caso de que non confirmen estes atletas poderán participar outros deportistas que sen haber reunido ditas condicións, soliciten á organización o seu desexo da súa participación. As vacantes ocuparánse seguindo a marca da tempada anterior de cada atleta.

**Art.4)** Os atletas, deberán confirmala súa participación ata 45 minutos antes do comezo de cada proba. Unha vez rematado este prazo, non se admitirá a participación do atleta. Os pesos dos artefactos serán os oficiais para cada categoría

**Art.5)** A mellor marca masculina e a mellor marca feminina da totalidade das probas de saltos (lonxitude, triple, pértiga e altura) e da totalidade das probas de lanzamentos (disco, xavalina, martelo e peso) recibirán un trofeo conmemorativo do evento.

**PATROCINADORES  
OFICIAIS**



**PROVEEDOR**





## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



**Art.6)** Os atletas deberán utilizarlo dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible.

**Art.7)** Horario da competición. *Pendente de modificación en función das inscricións*

Martelo Mulleres	11:30	
	11.30	Pértega Homes
		Lonxitude Homes
	12.00	Altura Mulleres
Martelo Homes	13:00	
	13.00	Lonxitude mulleres
Disco Homes	16:00	
Disco Mulleres	17:00	Pértega Mulleres
		Altura Homes
		Triple Homes
Xavalina Homes	18:00	
Peso Mulleres		
	19:15	Triple Mulleres
Xavalina Mulleres	19:30	
Peso homes		

**Art.8)** Os artefactos para a súa homologación deberán ser entregados como límite unha hora antes da proba.

**Art.9)** As inscricións faranse a través do sistema online ata o martes día 7 de xullo na web [www.atletismogalego.org](http://www.atletismogalego.org).

**Art.10)** Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo cas normas da I.A.A.F

**Art. 11)** Cadencia da altura dos listóns (pendente publicación)

A Coruña, 30 de xuño do 2009

Victor Arufe Giraldez  
Secretario Xeral FGA

**PATROCINADORES  
OFICIAIS**



**PROVEEDOR**

